

ESTATUTOS DA ASOCIACION

Capítulo primeiro. NORMAS XERAIS:

Artigo 1º.- Coa denominación de “Asociación de Aulas de Formación Aberta-Universidade de Vigo-Campus de Vigo”, constitúese a mesma sen interese lucrativo algún e por tempo indefinido os presentes estatutos rexeranse pola Lei Orgánica 1/2002 do 22 de Marzo.

Artigo 2º.- A Asociación, en función dos seus fins e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Galega.

Artigo 3º.- Os fins desta asociación serán: **Tódalas actividades culturais, deportivas, recreativas e divulgativas e de ocio, relacionadas coa Universidade de Vigo-Campus de Vigo.**

Artigo 4º.- A duración da Asociación será por tempo **ilimitado** podendo ingresar nela novos socios ou, causar baixa os antigos sen necesidade de nova constitución.

Artigo 5º.- O domicilio social queda fixado en Vigo, na rúa de: **Universidade de Vigo-Escola Universitaria de CC. Empresariais en r/Torrecedeira, 105-D.P. 36208-Vigo.** Poderanse utilizar outros locais asociativos na cidade o noutra cidade mediante acordo da Xunta Directiva, dando conta ó rexistro de Asociacións e á Universidade de Vigo-Campus de Vigo.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Capítulo segundo. DOS SOCIOS:

Artigo 6º.- Poderán ser membros da Asociación todas aquelas persoas maiores de idade que **estean ou teñan estado matriculadas nos cursos de “AULAS ABERTAS” da Universidade de Vigo-Campus de Vigo** e o solciten e se identifiquen cos fins da asociación e sexan admitidos pola Xunta Directiva ou institución que no futuro a substitúa. Se a Xunta Directiva rexeitase a solicitude de socio, comunicarao por escrito ó interesado quen no prazo dun mes poderá apelar diante da mesma o que estime conveniente. No caso de que a Xunta Directiva mantivese a decisión poderá apelar á Asemblea Xeral que decidirá con carácter irrevogable.

O profesorado da Universidade de Vigo-Campus de Vigo que estea ou teña estado vinculado cos estudos destas Aulas.

Artigo 7º.- Os socios poderán ser: fundadores honorarios e numerarios. Son socios fundadores aqueles que subscriben a Acta Fundacional. Son socios honorarios todas aquelas persoas que a xuízo da Asemblea Xeral coadxuven de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da

Asociación. Considerándose numerarios os ingresados con posterioridade á subscripción da Acta Fundacional.

Artigo 8º.- Son dereitos dos socios fudadores e numerarios:

1. Tomar parte nas Asembleas Xerais con voz e voto.
2. Elixir e ser elixidos membros dos órganos de goberno da Asociación.
3. Gozar de tódolos beneficios da Asociación segundo as normas e disposicións regulamentarias da mesma ou cantas outras sexan concedidas a aquela por entidades públicas ou privadas.
4. Gozar de tódolos dereitos que como membros de tal Asociación lles correspondan segundo as normas dadas polos organismos competentes.

Artigo 9º.- Son deberes dos socios:

1. Prestar cantos servicios determinen os Estatutos ou Regulamento de Réxime Interior e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Satisfacer as cotas e contribucións que sexan establecidas.

Artigo 10º.- Os socios honorarios non intevendrán na dirección ou goberno da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero si poderán asistir ás Asembleas Xerais con voz pero sen voto.

Así mesmo, poderán facer cantas suxestións estimen oportunas á Xunta Directiva ou elevar escritos ás Asembleas Xerais.

Artigo 11º.- A condición de socio pérdese:

- a. Por baixa voluntaria.
- b. Por falta de pago de **dúas anualidades**.
- c. Por expulsión, tramitándose expediente no que será escoitado o interesado. A Xunta Directiva formulará proposta á Asemblea Xeral que será o órgano que decida.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

Capítulo terceiro. DOS ORGANOS DE DOBERNO:

Artigo 12º.- Son órganos de goberno da Asociación:

- A Asemblea Xeral de Socios,
- A Xunta Directiva.

DA ASEMBLEA XERAL DE SOCIOS:

Artigo 13º.- A Asemblea Xeral de socios é o órgano supremo de goberno da Asociación e expresa a vontade da mesma. Estará formada por tódolos socios da mesma, e as decisións serán vinculantes. As Asembleas poderán ser Ordinarias e Extraordinarias.

Artigo 14º.- A Asemblea Xeral Ordinaria deberá reunirse **unha vez ó ano**. Serán competencias da mesma:

1. Aprobación da acta da reunión anterior.
2. Examinar e aprobar a memoria de actividades do ano anterior.
3. Aprobar o plano de actividades a realizar.
4. O exame e aprobación das contas e balance do exercicio.
5. Decidir sobre a aplicación concreta dos fondos disponibles.
6. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
7. Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación.
8. Aprobar as cotas anuais.

Artigo 15º.- A Asemblea Xeral Extraordinaria reunirse sempre que sexa convocada polo presidente, a petición da Xunta Directiva ou convocada por una terceira parte dos socios. Serán competencias da mesma:

1. Modificar os Estatutos da Asociación.
2. Elección dos membros da Xunta Directiva.
3. A Federación con outras asociacións.
4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.
5. Acordar a disolución da Asociación.
6. Ratificar a expulsión dos socios proposta pola Xunta Directiva.
7. Solicitar a declaración da Asociación de utilidade pública.
8. As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razón de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria sen grave prexuízo para a Asociación,
9. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 16º.- En tódolos casos deberase citar ós socios con **quince días** de antelación, mediante escrito no que se fará constar a Orde do Día.

Artigo 17º.- As Asembleas Xerais, tanto as ordinarias como as extraordinarias, integraranse polos socios asistentes, sempre que concorran a metade mais un do total na primeira convocatoria, ou transcorrida media hora, en segunda convocatoria con calquera número de asistentes.

Artigo 18º.- O Presidente é o Secretario das Asembleas Xerais serán os da Xunta Directiva.

Artigo 19º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da **mayoría simple** dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do Artigo 15º que **requiran mayoría de dous tercios**.

Artigo 20º.- Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos socios, incluso ós non asistentes. Os acordos que vaian contra os Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación, poderán ser recorridos diante da Asemblea Xeral.

DA XUNTA DIRECTIVA:

Artigo 21º.- A Xunta Directiva estará composta por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e dous Vogais.

Artigo 22º.- Serán competencias do Presidente:

- Convocar e presidir as sesións tanto das Asembleas Xerais coma da Xunta Directiva.
- Ostentar a dirección da Asociación.
- Representar oficialmente a entidade.
- Conformar e autorizar os documentos necesarios así como as ordes de pago.

Artigo 23º.- O Vicepresidente terá as mesmas atribucións que o Presidente cando deba substituílo nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante. O Presidente poderá, así mesmo, delegar no Vicepresidente tódalas funcións que estime necesarias.

Artigo 24º.- Serán competencias do Secretario:

- Custodiar e levar os libros de actas e de rexistro de socios, documentos e carimbos da Asociación.
- Estender as actas das reunións e expedir as certificacións oportunas co visto e praxe do Presidente.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 25º.- Serán competencias do Tesoureiro:

- Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde os libros de contabilidade.
- Preparar os balances e orzamentos da Asociación para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
- Autorizar, xunto co Presidente, a disposición de fondos, conxuntamente. A falta de un deles poderá asinar conxuntamente outro dos directivos por esta orde:
 - o Presidente e Vicepresidente.
 - o Tesoureiro e Vicepresidente.
 - o A falta de un deles poderá asinar un dos mencionados anteriormente con outro dos directivos.

Artigo 26º.- A Xunta Directiva ten como atribucións todas aquelas que conduzan ó cumprimento dos fins da Asociación. Levará á práctica o cumprimento dos acordos da Asemblea Xeral e os propios acordos da Xunta Directiva, sendo responsable diante da Asemblea Xeral.

Artigo 27º.- A Xunta Directiva reunirse:

- a. Unha vez cada tres meses.
- b. A petición do Presidente.
- c. Cando o soliciten tres membros da Xunta Directiva.

Artigo 28º.- Os acordos da Xunta tomaranse por maioría simple, requirindo a metade máis un dos componentes para ser válidos. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

Artigo 29º.- Os cargos da Xunta Directiva renovaranse cada catro anos en Asemblea Xeral Extraordinaria. Para o caso de que un dos membros da Xunta Directiva cesase antes de esgotar o mandato, a propia Xunta nomeará con carácter interino a un dos socios para ocupar a vacante ata a próxima Asemblea.

Capítulo cuarto. REXIME ECONOMICO:

Artigo 30º.- Esta Asociación constitúese con un patrimonio fundacional de 438€. Os fondos da entidade serán constituídos por:

- a. As cotas obrigatorias dos socios.
- b. Os donativos, contribucións voluntarias e legados que fagan os socios ou terceiras persoas.
- c. As subvencións oficiais e particulares.
- d. As rendas de patrimonio ou outros ingresos que se poidan obter.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 31º.- As cotas obrigatorias estableceranse pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso ningún e dedicándose a atender as necesidades da Asociación.

Artigo 32º.- As contribucións voluntarias considéranse como préstamos sen interese, reintegrables nas condicións que se pacten.

Artigo 33º.- Para a admisión de novos socios, deberá ser condición indispensable estar matriculado ou ter sido profesor nalgún dos cursos de "Aulas de Formación Aberta" da Universidade de Vigo-Campus de Vigo.

Artigo 34º.- Anualmente e con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e balance de situación que se formalizará nunha memoria e será posta a disposición dos socios, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a realización da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 35º.- A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador do orzamento será elaborado polo Tesoureiro, que deberá telo preparado antes do final do primeiro trimestre de cada ano.

Capítulo quinto. DISOLUCION DA ASOCIACION:

Artigo 36º.- A asociación disolverase polas causas seguintes:

- a. Por vontade dos socios, acordada polas **dúas terceiras partes dos mesmos en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada con ese fin.**
- b. Por outras causas determinadas legalmente.
- c. Por sentenza xudicial.

Artigo 37º. En caso de disolución, a última Xunta Directiva constituirase en comisión liquidadora, que procederá a efectuar os pagamentos pendentes, cobrando os créditos e fixando o haber líquido restante.

Artigo 38º. O haber resultante, una vez efectuada a liquidación, doarase a calquera asociación similar da Universidade de Vigo-Campus de Vigo ou a unha entidade ou institución benéfica.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Anexo I. ESTATUTOS DO CORO:

Artigo 1º.- Para a mellor consecución dos seus fins, créase, dentro da Asociación, un coro baixo a denominación "**CORO AULA ABERTA**", da Asociación de Alumnos do PUM da Universidade Vigo.

Artigo 2º.- O Coro configúrase como unha sección da Asociación de xeito que, no desenvolvemento da súa actividade, a personalidade xurídica e a capacidade para contratar serán as da Asociación.

Artigo 3º.- O representante do Coro será o Presidente da Asociación ou persoa na que este delegue.

Artigo 4º.- O Coro contará cun Director artístico que será nomeado e contratado, e no seu caso destituido, pola Xunta Directiva en representación da Asociación de Alumnos. Dos ditos nomeamentos e destituicións deberase dar conta á Asemblea Xeral da Asociación.

Artigo 5º.- O Director será o responsable do resultado artístico do Coro e corresponderalle a planificación das súas actividades, a elección do repertorio e a organización dos ensaios e actuacións, a realizar por propia iniciativa ou a proposta da Xunta Directiva. Tamén lle corresponderá decidir sobre a admisión daquelas persoas que se postulen como novos membros do Coro, segundo o establecido no apartado 9.

Artigo 6º.- O Coro terá un Coordinador designado pola Xunta Directiva da Asociación e servirá de enlace entre esta e o Coro. O Coordinador será membro nato da Xunta Directiva e deberá reunir a dupla condición de ser socio da Asociación e membro do Coro.

Artigo 7º.- O número máximo e mínimo dos compoñentes do Coro será fixado polo Director artístico co Visto e Prace da Xunta Directiva da Asociación.

Artigo 8º.- Como mínimo, os 3/5 dos integrantes do Coro deberán ser membros da Asociación. A Xunta Directiva poderá variar dita proporción polos motivos que considere convenientes e sempre en beneficio do resultado artístico do Coro.

Artigo 9º.- A admisión como membro do Coro deberá contar coa aprobación do Director artístico e co Visto e Prace do Coordinador. En caso de conflito, corresponderalle á Xunta Directiva da Asociación a decisión última no caso de expulsión.

Artigo 10º.- A Asociación, por medio da súa Xunta Directiva, será quen determine e contrate os espazos ou locais onde se desenvolvan as distintas actividades do Coro.

Artigo 11º.- Todos os ingresos e gastos do Coro, serán ingresos e gastos da Asociación.

Artigo 12º.- A contía e modalidade de pago da cota mensual a abonar polos membros do Coro, serán fixadas pola Xunta Directiva.

Artigo 13º.- O Coro poderá elaborar os seus propios orzamentos dentro da partida que lle sexa asignada pola Asociación. A responsabilidade da elaboración dos ditos orzamentos corresponderalle ao Tesoureiro da Asociación co Visto e Prace do Coordinador e a aprobación final pola Xunta Directiva. A responsabilidade pola xestión e execución do orzamento corresponderalle ao Coordinador. A os ditos efectos, o Coro poderá ter unha conta bancaria diferenciada, con titularidade da Asociación, con tres sinaturas: Presidente, Coordinador e Tesoureiro da Asociación, e da que poderán dispor conxuntamente con dúas sinaturas.

Artigo 14º.- Os gastos do Coro que excedan do orzamento aprobado, deberán ser autorizados pola Xunta Directiva.

Artigo 15º.- O Coro terá o seu propio regulamento de funcionamento interno, que deberá ser aprobado pola Xunta Directiva da Asociación.



Dilixencia:

Dª Marina Troncoso Rodríguez, Presidente, e Dª Cristina Fernández Alonso, Secretaria da Asociación de Aulas de Formación Aberta-Universidade de Vigo-Campus de Vigo, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas en Asemblea Xeral celebrada o 9 de outubro de 2020, de acordo cos requisitos establecidos na LO1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En Vigo, a 9 de outubro de 2020.

A Presidente,

Asdo.: Marina Troncoso Rodríguez

A Secretaria,

Asdo.: Cristina Fernández Alonso

